



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLE/2018/10	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	26 de outubro de 2018
Duración	Desde as 20:05 ata as 22:50 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	SI
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SI
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
36042960M	DOLORES GALLEGO SANTOS	SI
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SI
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	S
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	SI
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SI
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SI
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SI
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SI
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SI



Concello de Cangas

78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SI
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SI
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SI
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SI
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SI
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SI
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	NON
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SI
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SI

Escusas de asistencia presentadas:

1. XOSE MANUEL PAZOS VARELA:

«Baixa»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a acta da sesión anterior realizada en data 28 de setembro de 2018.

DELIBERACIÓNS:

Aclaracións á acta de 28 de setembro.

Sr. Sotelo Villar: sinala que na páxina catro pon favorable e é desfavorable, e que na páxina dez onde pon tripartito debería por bipartito.

Sra. Hermelo Piñeiro: sinala que en relación a SOGAPS aparece Sra. Hermelo Álvarez e é Sra. Hermelo Piñeiro.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta.



Expediente 5044/2018. Proposta da concelleira de obras e servizos de modificación do rueiro

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.10.2018. Así mesmo a Presidencia dá conta da proposta da concelleira de obras e servizos, do día 15.10.2018, relativa á modificación do rueiro, que é como segue:

“Aprobado polo Concello Pleno o 29.09.2006 o novo rueiro e a planimetría correspondente, e para seguir co traballo de implantación na parroquia de Darbo, nos lugares de O Castelo, Cima de Vila, A Magdalena, Ourelo, San Pedro, A Serra de Nacente e Ximeu, tras escoitar á veciñanza nas súas suxestións, proponse o seguinte listado adxunto de rúas para esta parte da parroquia de Darbo, coas modificacións propostas polos veciños/as nalgúns tramos de vías e rúas, actualizando e corrixindo os nomes de acordo coa toponimia local e a normativa vixente.

Así mesmo, inclúense un anexo das novas rúas e tramos de vías da parroquia de Darbo, xunto coas modificacións respecto da planimetría aprobada inicialmente, para incluír no inventario de bens municipais e no rueiro do padrón municipal.

De conformidade co Real decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais procede á súa aprobación plenaria, polo que propoño ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar a actualización do rueiro municipal da parroquia de Darbo, lugares de O Castelo, Cima de Vila, A Magdalena, Ourelo, San Pedro, A Serra de Nacente e Ximeu, conforme ao listado de rúas e números que se axuntan no anexo e coas modificacións propostas con respecto ao aprobado inicialmente o 29/09/2006, así coma a súa inclusión no padrón municipal de habitantes e no inventario de bens do Concello.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia para os efectos do seu xeral coñecemento, unha vez implantado o rueiro.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao Instituto Nacional de Estatística, á Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Facenda, aos departamentos municipais interesados e a outros organismos públicos ou empresas que presten no Concello servizos destinados á colectividade.”

DELIBERACIÓNS:

Sra. Giraldez Santos: expón a moción e realiza unhas correccións *in voce*:

Rúa Lugo é Avenida de Lugo

En vez de Rúa Herbello-Magdalena é Erbello-Madalen.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.



Expediente 5123/2018. Proposta da Alcaldía de aprobación festas locais ano 2019

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.10.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía do día 18.10.2018, relativa á aprobación das Festas Locais do ano 2019, que é como segue:

“Visto o disposto no artigo 37.2º do Estatuto dos Traballadores e nos artigos 45 e 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do 1561/1995 do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, de conformidade cos cales serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables dúas festas locais, que serán determinadas polo/a xefe/a territorial da Consellería de Traballo e Benestar en cada unha das delegacións territoriais da comunidade autónoma, por proposta do órgano municipal competente dos respectivos Concellos e publicaranse nos boletíns oficiais de cada provincia e no Diario Oficial de Galicia.

Visto que corresponde a este Concello realizar a proposta de festas locais para o ano 2019 e remitir a mesma á delegación provincial da Consellería de Traballo e Benestar.

Visto que en anos anteriores estas festas locais coincidiron coas festividade do Venres das Dores e o luns do Cristo, considerando conveniente manter as mesmas datas.

Polo exposto, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Propoñer á Consellería de Traballo e Benestar, como festas locais para o ano 2019 as seguintes datas:

- 12 de abril do 2019: Venres das Dores.*
- 26 de agosto do 2019: luns do Cristo.*

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á delegación provincial da Consellería de Traballo e Benestar para os efectos oportunos.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Iglesias Santos: sinala que quizais era o momento de poñer os días que desexaba o Goberno en vez de estar supeditado ás tradicións existentes no pobo.

Sra. Giraldez Santos: sinala que os festivos locais buscaban un consenso.

Sr. Pérez Gallego: sinala que o que se pretendía era que os veciños decidisen eses días.

Sr. Iglesias Santos: sinala xa que o Goberno ten maioría absoluta tedes a lexitimidade de modificar os días.

Sr. Pérez Gallego: sinala que o que pretende este Goberno é que o decidan os veciños.



Sr. Millan Blanco: sinala que existe un senso práctico desas datas ao coincidir con un luns e un venres e no tocante o proceso de consulta cabe sinalar que hai que respectar a normativa existente e que en tal caso debería ter carácter vinculante.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente relativa á aprobación das festas locais para o ano 2019.

Expediente 4639/2018. Moción de ACE s/centro integral de saúde e necesidades sanitarias

Favorable

Tipo de votación: ordinaria

A favor: 10, En contra: 0, Abstencións: 9, Ausentes: 0

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.10.2018.

Así mesmo an do Grupo Municipal de ACE, presentada o día 04.09.2018, relativa ao centro in Presidencia dá conta da moció tegral de saúde e necesidades sanitarias, que é como segue:

“O pasado mes recibíamos as conclusións relativas ao estudo de necesidades sanitarias de Cangas e Moaña elaborado por Gesmédica a cargo da Xunta de Galicia.

Unha vez máis, a Xunta ninguneou aos concellos do Morrazo incumprindo prazos de presentación ou obxectivos do estudo. Houbo unha clara obstrución intencionada, onde se usou a países como Reino Unido ou Nova Zelandia como referencia sanitaria, e mesmo se utilizou as enquisas para adornar unha confusión deliberada co ánimo de xustificar unha proposta impresentable que ven a presentar o traslado do Centro de Saúde de Cangas e a liquidación da construción dun Centro de Alta Resolución ou Centro Integral de Saúde.

En consecuencia, a Alternativa Canguesa de Esquerdas considera que compre esclarecer e promover unha proposta para esixir á Consellería de Sanidade a recondución da xestión sanitaria que evite unha nova frustración similar á do Centro de Saúde do Hío - Aldán.

En función do exposto, consideramos que se precisa tomar, se procede, os seguintes acordos polo pleno municipal da corporación de Cangas:

- *Rexeitar o traslado do Centro de Saúde de Cangas para evitar a súa deslocalización.*
- *Esixir a revisión do documento de convenio, reclamando que o mesmo debe ir inescusablemente vencellado á implantación de especialidades a desenvolver por persoal médico especialista, unido ás equipas de servizos que debe ter unha poboación como a do Morrazo.*
- *Facer unha previsión e definición no PXOM dos equipamentos público-sanitarios acordes coas reivindicacións expostas nos puntos anteriores.*
- *Reclamar á Consellería de Sanidade que a actuación debe ter carácter supramunicipal, incluíndo necesariamente a Bueu tanto por ser unha obriga socio sanitaria como económica; deixando claro*



que Cangas atenderá a achega de terreos sempre e cando se acometa neles un auténtico CAR ou CIS.

- *Iniciar de inmediato os pasos necesarios para que os concellos de Cangas, Bueu e Moaña se comprometan a promover unha campaña de sensibilización e mobilización social para acadar os obxectivos sanitarios que toda a cidadanía do Morrazo debe compartir.*
- *Dar conta do acordo desta moción ás administracións implicadas: Xunta de Galicia, Concello de Bueu e Concello de Moaña.”*

DELIBERACIÓNS:

Sr. Gestido Porto: sinala que esta moción ten carácter instrumental en vez de buscar un acordo entre todos os grupos mediante un pleno monográfico.

Sr. Iglesias Santos: sinala que é preciso concretar determinados puntos para poder tomar unha decisión e non rexeitar as cuestións de xeito inmediato. Resulta necesario esixir estas concrecións á Xunta para despois decidir.

Sr. Sotelo Villar: sinala que o Partido Popular tiña solicitado un Pleno que se aprazou provisionalmente por cuestións xa coñecidas e que volverán a solicitar dado que é unha cuestión histórica dado o compromiso político existente na Xunta. Sinala que dificilmente se pode facer na rúa e o razoable e que sexa nun entorno próximo a Moaña. Sinala que non coñece convenio ningún, so un estudo e que a reserva no PXOM correspóndelle ao Goberno que é quen debe facer o PXOM. Recorda que en febreiro de 2018 aprobouse unha moción para tratar o tema con Bueu e insiste que aprobar este é un novo *brindis* ao sol.

Sr. Hermelo Álvarez: sinala que cada grupo político pode presentar mocións e que o emplazamento foi determinado polo estudio de Gesmédica, e que eses espazos se incorporarán no PXOM e recorda que a Consellería de Sanidade é a única que non atendeu a este Goberno.

Sr. Chillón Iglesias: que respalda a iniciativa de ACE.

Sr. Abalo Costa: expón que o importante é saber se o Sergas quere facer un centro integral de saúde e que do estudio de Gesmédica parece ser que non se fará. E que no convenio enviado polo Sergas que se enviou non se definen as infraestruturas e especialidades que se pretende atender.

Sra. Giráldez Santos: sinala que en conversa co Sr. Almuíña comentoulle que a reunión estaba aprazada ata a recuperación do señor alcalde, cuestión incerta toda vez que se leva solicitando esta desde hai máis de 2 anos.

Sr. Iglesias Santos: presenta unha proposta de emenda que explica *in voce*.

Sr. Abalo Costa: asume a modificación proposta.



Sr. Sotelo Villar: sinala que o PP está disposto a ceder o que haia que ceder ante a oportunidade histórica na que nos atopamos e sinala determinadas reunións que si se tiveron e solicita a realización dun pleno extraordinario e que se recolla no PXOM as modificacións se fose preciso.

Sr. Abalo Costa: sinala que a redacción do plan xeral compete ao equipo redactor e que en todo caso manterá a moción dado que o PP non está a aportar unha alternativa.

Sr. Sotelo Villar: sinala que o fundamental é ter as opcións e que polo tanto votarán en contra porque a moción non aporta nada á do mes pasado.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 10 (2 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE).

Abstencións: 9 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de CANGAS DECIDE).

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 4636/2018. Moción PP s/redución IBI

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 10, En contra: 9, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.10.2018.

Así mesmo a presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, do día 12.09.2018, relativa á redución do IBI, que é como segue:

“Na sesión plenaria do 31 de outubro de 2014 se presenta unha proposta de alcaldía, na que consta o seguinte acordo: ‘O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles, aplicable aos bens de natureza urbana, queda fixado na porcentaxe de 0,55 % sobre a base liquidable tal e como é definida nos artigos 66 e seguintes do texto refundido’, dita proposta foi aprobada definitivamente e publicada no BOP antes do 31 de decembro de 2014. Este descenso do tipo impositivo foi posible pola mellora dos resultados orzamentarios dos anos 2012 e 2013.

Na sesión plenaria do 31 de marzo de 2017 se debateu unha moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular de Cangas, no que se solicitaba o seguinte: ‘Instar ao goberno do Concello de Cangas a que incoe o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES no seu artigo 1 a). Contemplando en dita modificación a baixada do tipo impositivo de 0,55% a 0,50%”. Nese pleno os representantes dos tres grupos do goberno municipal decidiron votar en contra da proposta de baixar o IBI. O alcalde pechou o debate dicindo que “Cre que hai que atacar este problema, pero tramitando o expediente na debida forma’. Recentemente o municipio de Cangas estivo inmerso do Procedemento de regularización catastral



2013 – 2016, obtendo un aumento de 2 millóns de euros no padrón de IBI do ano 2014 ao ano 2017. A recadación neta de IBI que aparece na liquidación provisional do orzamento do ano 2017 contempla a cifra de 4.916.432,02 euros. No ano 2012 se aprobou un plan de axuste en base ao Real decreto 4/2012 e modificado polos reais decretos 4/2013 e 8/2013, no que se establece que para o ano 2017 e posteriores que os ingresos previstos pola recadación do imposto sobre bens inmobles serían de 2,9 millóns de euros aproximadamente, requisito que se cumpre con moitísimo marxe xa que o importe no orzamento para este ano é de 4,6 millóns de euros.

Os resultados orzamentarios dos últimos seis anos están sendo positivos, e por outro lado o remanente de tesourería neste mesmo período descendeu dende os 17 millóns en negativo a un resultado positivo.

Ante estes datos consideramos que existe marxe suficiente para aprobar unha baixada do tipo impositivo do imposto en cuestión, a nosa solicitude é baixar de 0,55 % a 0,50 % o tipo impositivo. Unha proposta prudente e que non causaría quebranto algún nas contas municipais. Estamos convencidos que está proposta será satisfactoria e apoiada polos os grupos do goberno, do contrario, confirmaríase as sospeitas de que o importante para este goberno é recadar o máximo posible.

Desexamos que as persoas que na oposición falaban de baixar impostos cando gobernasen e de que ían solucionar os problemas deste pobo, empecen a ser coherentes coas súas promesas e as cumbran. Porque ata agora, por parte do goberno se esta facendo o contrario do prometido, e utilizando como desculpa que todo é culpa do goberno anterior.

PROPOSTA DE ACORDO:

Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES no seu artigo 1.a), contemplando en dita modificación a baixada do tipo impositivo de 0,55% a 0,50% para o exercicio 2019.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Millán Blanco: expón a moción e solicita modificar a moción cambiando: “Instar a modificación” por “Aprobar a modificación”.

Sr Iglesias Santos: sinala que algún día será preciso realizar un novo relatorio de valores para proceder á súa actualización e que o Concello preciso de ingresos para atender os numerosos gastos obxecto de reparo de intervención.

Sr. Abalo Costa: expón que se ben é certo que é preciso facer un control do gasto sinala que o que se está a incrementar especialmente é o gasto social, que se está a amortizar débeda e que explicará mediante un estudo do departamento de intervención a situación actual do Concello e as súas necesidades económicas.

Sr. Hermelo Álvarez: sinala que as prioridades do Concello neste momento son favorecer o gasto social, o acceso á vivenda... e que votarán en contra.

Sr. Millán Blanco: sinala que o gasto corrente incrementouse en dous millóns de euros e lémbrale ao Sr. Abalo Costa que xa anteriormente dixo que presentaría ese estudo.



VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 10 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de CANGAS DECIDE).

Votos en contra: 9 (2 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN).

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 5134/2018. Moción PSOE creación residencia persoas maiores

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.10.2018. Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do grupo municipal PSOE, do día 11.10.2018, relativa á Creación residencia persoas maiores, que é como segue:

“Segundo datos do Padrón Municipal, o Concello de Cangas, conta con –aproximadamente- 3.158 homes e 3.864 mulleres con idades superiores ós 60 anos distribuídos por parroquias do seguinte xeito:

- Aldán: 353 homes e 447 mulleres.
- Cangas: 707 homes e 888 mulleres.
- Coiro: 795 homes e 954 mulleres.
- Darbo: 896 homes e 1.071 mulleres.

Deste total de 7.022 mulleres e homes maiores de 60 anos, o noso Concello conta con 1.509 mulleres e 949 homes con idades superiores aos 75 anos.

Consultados os datos do INE, do IGE, e mesmo consultado a Estatística Municipal, carecemos de datos definitivos para determinar cantas persoas pertencentes á franxa de 75 ou máis anos de idade viven soas nas súas casas e/ou están necesitadas dalgún tipo de servizo socio-sanitario, pero todo apunta a que pasan do cento.

Para ninguén é un secreto que Galicia presenta unha das poboación máis avelladas de España, tendencia que non semella recuperarse dada a escasa taxa de nacementos no Noso País, polo que compre buscar solucións aos problemas derivados desta anomalía demográfica.

Tradicionalmente, nos fogares as fillas eran quen se ocupaban dos pais maiores, pero a inversión da pirámide de poboación –que presenta agora mesmo unha presenza máis alta de persoas maiores que de persoas en idade intermedia -e a incorporación da muller ó mundo laboral trocou esa realidade-.

As residencias de titularidade privada non están ao alcance das familias con menor poder adquisitivo a e as residencias con prazas concertas son a todas luces insuficientes para absorber a demanda actual, por todo iso chega o momento de esixir ás Administracións Públicas, nomeadamente ao Goberno do Estado e á Xunta de Galicia, a creación dunha residencia para maiores en Cangas, que poida dar asistencia a centos de persoas do noso Concello que teñan menor poder adquisitivo e que cumpran co resto da normativa vixente.



Concello de Cangas

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista solicita ao pleno da corporación a toma dos seguintes:

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista solicita ao pleno da corporación a toma dos seguintes

ACORDOS:

1.- Instar ao Goberno de España e á Xunta de Galicia á creación dunha Residencia para Maiores en Cangas.

2.- Instar á Xunta de Galicia a que, con carácter transitorio, aumente o número de prazas concertadas en todas aquelas residencias máis próximas ao Concello de Cangas.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Hermelo Álvarez: sinala que van a votar a favor xa que se trata dunha necesidade que irá a máis e recorda a posibilidade de pedir o traslado a Cangas unha vez obtida a praza na residencia.

Sr. Chillón Iglesias: sinala que o BNG apoiará a moción e solicita un incremento de prazas públicas para atender a demanda e recorda que os prezos nas residencias privadas son moi altos.

Sr. Sotelo Villar: sinala que existe un tope máximo de achega familiar en atención á pensión e patrimonio e lembra a existencia dunha lista única a nivel económico e que polo tanto aínda que se faga unha residencia en Cangas iso non quere dicir que se vaia favorecer exclusivamente á xente de Cangas e resulta obvio que se necesitan moitas máis prazas.

Sr. Iglesias Santos: sinala que polo momento so lle importa Cangas.

Sr. Abalo Costa: recorda que todo pasa pola iniciativa privada.

Sr. Chillón Iglesias: sinala que a diferenza entre o custe e a axuda debe ser cuberta polo ámbito público.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 5126/2018. Moción PP dimisión concelleira medio ambiente

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 10, En contra: 9, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.10.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do grupo municipal PP, do día 13.10.2018, relativa a dimisión da concelleira de medio ambiente, que é como segue:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



“No mes de marzo este grupo municipal presentou unha moción onde instábamos ao Pleno da Corporación á reprobación do concelleiro de cultura e citábamos unha relación de argumentos para mostrar o que o noso entender era unha nefasta xestión (curiosamente todos e cada un dos argumentos a día de hoxe persisten, nada se fixo a pesar do propósito de emenda do expresado no citado Pleno).

Pero no caso da concelleira de medio ambiente e turismo non caben medias tintas e pedimos o seu inmediato cese. Polo ben de Cangas non pode seguir ni un segundo mais representando o noso pobo, e a pesar dese código ético que di ter a formación política a cal pertence e que so aplican aos demais sen aplicalo eles dous anos despois do seu coñecido ‘affaire laboral’, que algúns quixeron soterrar segue no seu cargo político. De nada serviron as denuncias públicas nin as preguntas feitas por esta formación política que como é costume o Goberno transparente que ten Cangas ignora. Como tantos cidadáns preguntámonos que farían os que hoxe gobernan Cangas se isto o fixera un Concelleiro doutra forza política. Inmediatamente solicitarían a súa dimisión, pero neste caso botan terra, aquí non pasa nada. Argumentos hai de sobra, aparte da súa dubidosa ética como empresaria, a súa xestión nas áreas nas que ten delegadas competencias está chea de mentiras, falta de rigor, improvisación e nulo traballo.

Lembramos unha mínima parte :

- Ocultación de documentación das praias tempada 2017. Bandeira roxa de Rodeira agachada. Onde están os informes de ADEAC tanto do 2017 como do 2018?

- Contratación irregular dos socorristas. Tanto no ano 2017 como no 2018 a través dunha suposta ONG. No 2017 inténtase pagar mediante unha cooperativa de facturación.

- Improvisación total. A pesar dunha lista de substitucións de socorristas do ano anterior tivo que publicar para disfrazar o número de persoal de salvamento o 16 de agosto unha lista de contratación de patróns e socorristas que non se chega a cubrir, o que da a entender de que non se cubriron as prazas que se esixen para optar a bandeira azul.

- O informe dos desfibriladores, que desgraciadamente coincide co affaire de Nerga.

- Que dicir co M. Ambiente: EDAR, cheiros, vertidos como os de Aldán ou dos ríos Bouzós e Saíñas, que se repiten cando caen catro gotas e dos que aínda estamos esperando os informes. Iso si titulares na prensa moitos, onde están os mais de 1300 expedientes por non limpar as fincas, cando un mes despois din que non se pode cumprir co plan da Xunta pois o interventor repara o gasto? Se quixeran ese reparo se levantaba como fixeron e os 144 que se reflícten nas contas do 2017.

En definitiva unha actuación esperpéntica que raia o escándalo e que ao noso entender non pode durar mais tempo.

Por todo iso efectuamos a seguinte PROPOSTA DE ACORDO :

O Pleno da Corporación acorda a reprobación da concelleira de medio ambiente e turismo.”

DELIBERACIÓNS:



Sr. Gestido Porto: sinala que a transparencia e a xestión realizada deixan moito que desexar e por iso apoiará a moción.

Sr. Iglesias Santos: sinala que nunca reprobará a un concelleiro salvo cando estea encausado pero reconece que algo non se debe estar a facer ben e considera que quen ten que reprobar ao concelleiro é a masa votante o que non impide que se merece un toque de atención.

Sra. Giraldez Santos: expón que formalmente non se se pode falar de dimisión xa que esa cuestión corresponde á persoa ou o cese do alcalde. Sinala que non comparte a visión catastrofista medioambiental presentada polo Partido Popular para Cangas e que todos os informes dos que falaba o Sr. Graña están incorporados no expediente de rescisión de contrato e reconece que hai moitas cousas que mellorar.

Sra. Castro Paredes: expón que se a súa dimisión solucionase os problemas de Cangas dimitiría agora mesmo. Solicita que se retire a moción xa que está chea de mentiras, recorda que existen informes no expediente de rescisión, que se entregaron os informes solicitados e que no tocante á UTE temos un expediente de rescisión de contrato aberto e remata sinalando que está orgullosa da súa laboura.

Sr. Graña Graña: sinala que non fixeron nada ca EDAR, que están convertendo as praias de Cangas nun vertedoiro e lembra que a Sra. Giráldez Santos votou en contra dun tratamento terciario nos que tiñan que aportar sesenta mil euros. Sinala que os expedientes foron solicitados o ano pasado e non os deches, e os deste ano, un só papel. Pregunta se existen expedientes sancionadores pero si moitas multas de Auga de Galicia e reconece que non se trata dunha dimisión senón dunha reprobación.

Sra. Giráldez Santos: sinala que se votou en contra porque consideraban preciso que fose a Xunta de Galicia a que asumise os custos de depurado e xestión.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 10 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE").

Votos en contra: 9 (2 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN).

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 5133/2018. Moción do BNG s/Pazo de Meirás

Favorable

Tipo de votación: ordinaria

A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 8, Ausentes: 0

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.10.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do grupo municipal BNG, do día 15.10.2018, relativa ao Pazo de Meirás, que é como segue:

“O pasado 30 de agosto de 2017 un grupo de persoas, galegas e galegos demócratas, militantes nacionalistas, sindicalistas, activistas sociais, culturais, da memoria... realizaron unha acción pacífica e simbólica, consistente en despregar dúas faixas no pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego, de todas as galegas e galegos. Pretendían deste xeito, instar as institucións públicas que



realmente teñen capacidade para o facer, a abandonaren a pasividade e a actuaren para rescatar o pazo e todo o patrimonio espoliado polo ditador Francisco Franco.

Tratouse unha acción pacífica, realizada nun día de visita pública, en que a obriga da familia detentadora do pazo era telo aberto ao público como corresponde a un patrimonio declarado como Ben de Interese Cultural. A acción durou aproximadamente 2 horas e todas as persoas que participaron nela abandonaron o edificio e o recinto do pazo en presenza de axentes da Garda Civil da mesa maneira pacífica, sen ningún tipo de incidente nin de dano ao patrimonio.

Esta ocupación simbólica de Meirás, que tivo repercusión internacional, reactivou o debate social e político sobre a recuperación do pazo e obrigou ás institucións públicas a se manifestar e a actuar mais decididamente ou comezar a facelo, segundo os casos. É notorio que mesmo o Partido Popular, que nunca manifestara ningún interese polo patrimonio espoliado polos Franco, tivo que asumir -sequera formalmente- no Parlamento da Galiza o obxectivo de recuperar Meirás para o pobo galego.

Neste sentido, a Deputación Provincial da Coruña fixou unha posición unánime de toda a Corporación Provincial en que, avalada por informes histórico e xurídico respectivamente, poñen negro sobre branco a respecto de como esta propiedade chegou a ser detentada polo ditador Franco. Isto é, primeiramente a través de derivación de recursos públicos e despois a través dun contrato fraudulento de compra e venda do Pazo de Meirás en 1941 que tivo en todo momento o carácter de residencia oficial da xefatura do estado.

No pasado mes de maio, 19 das persoas participantes nesta acción pacífica e simbólica, tiveron coñecemento, a partir dunha notificación do Xulgado de Betanzos, de que foron denunciadas pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez-Bordiu Franco, neto do ditador. Os delitos de que os acusan son os que se enumeran a seguir:

- Violación de morada, co agravante de violencia ou intimidación, que segundo o Código Penal español está penado con prisión de 1 a 4 anos;*
- Delito contra o honor con publicidade, penado con 6 meses a 2 anos ou multa de 12 a 24 meses;*
- Danos, na modalidade agravada, penado con prisión de 1 a 3 anos e multa de 12 a 24 meses; e*
- Delito de odio, penado con prisión de 1 a 4 anos e multa de 6 a 12 meses.*

Cómpre ter en conta que os delitos polos que son acusados por unha Fundación que realiza apoloxía do fascismo e da Ditadura, e pola filla e neto do ditador suman, no mínimo, 3 anos e 6 meses e poderían chegar até os 13 anos de prisión para cada unha das persoas denunciadas, para alén de multa nunha cantidade indeterminada. Polo tanto, poderían sumar en conxunto até 247 anos de prisión e por volta de medio millón de euros de multa.

Estamos diante dunha denuncia que é unha verdadeira barbaridade do punto de vista tanto político canto xurídico. Politicamente resulta absolutamente ferinte que os bens espoliados polo ditador continúen nas mans da súa familia e non tivesen pasado ao patrimonio público no final da ditadura. A permanencia desas propiedades na familia Franco simboliza magnificamente a continuidade das estruturas de poder real da ditadura -quer no ámbito económico, no xudicial, no mediático e mesmo en moitos aspectos no político- que foron herdadas polo réxime de 78 aínda vixente e que produciron unha democracia de moi baixa calidade que fai que, 40 anos despois, no Estado español se continúe perseguindo a liberdade de expresión e encarcerando persoas polas súas opinións e polas súas ideas políticas.



Mais é especialmente ferinte para as vítimas do franquismo, aínda non restituídas na súa dignidade individual e colectiva polo Estado. Lembremos que estamos a falar dunha actuación criminal, dun golpe de estado que provocou millares de mortos na Galiza, unha guerra de tres anos e unha ditadura brutal que cerceou a liberdade e os dereitos no Estado español durante 40 anos. Rescatar o Pazo de Meirás, a Casa de Cornide e as estatuas do Pórtico da Gloria é, nesa medida, unha incontornábel esixencia democrática e unha maneira de facer xustiza ás vítimas directas do espolio e á totalidade de vítimas do franquismo. É, por tanto, tamén unha magnífica forma de restituír a memoria democrática e a dignidade colectiva.

Mais a acusación é sobre todo unha barbaridade do punto de vista xurídico. En primeiro lugar porque a acción simbólica foi levada a cabo nun día previsto como de visita, polo que dificilmente poderá considerarse violación de morada entrar nun edificio que ese día está aberto ao público. Non houbo, aliás, ningún tipo de violencia e durante o transcurso da acción non se produciu ningún dano.

Por último, resulta insultante que unha Fundación que se dedica a realizar apoloxía do fascismo e da ditadura (para máis vergoña democrática, con diñeiro público atribuído polo Goberno español) e que nos días previos á acción manifestou publicamente que o seu obxectivo coas visitas era 'exaltar' a figura do ditador acuse persoas demócratas dun delito de odio ou de atentado contra o honor. É o mundo ao revés.

Así pois, as acusacións feitas carecen de fundamento e o lóxico e xusto é que finalmente a acción realizada sexa considerada como o que realmente foi: un acto pacífico e democrático para expresar e defender unha posición compartida por todas as persoas demócratas deste país.

Un acto, en definitiva, que debe ser entendido dentro do exercicio democrático da liberdade de expresión.

Con todo, resulta preocupante que unha Fundación que non debería existir -que non podería existir legalmente en ningún outro Estado europeo- e a familia do ditador que se aproveita e beneficia do botín de guerra, realicen acusacións tan graves e infundadas.

Isto só se pode entender no contexto político e xudicial imperante nestes anos, en que a elite política e económica se sabe amparada e protexida por unha administración de xustiza que non foi democratizada no fin da ditadura e que tivo plena liberdade para se reproducir nas mesmas claves ideolóxicas. Moitas decisións xudiciais e sentenzas que se ditaron nos últimos tempos, claramente contra a liberdade de expresión e de opinión, foron certificando que a xustiza no Estado español nin é 'igual para todos' -como sempre predicán-, nin é independente e que cando é preciso actúa ao ditado dos intereses do réxime.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

O Concello de Cangas acorda:

1.- Expresar o apoio ás persoas que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación do Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego.

2.- Manifestar o rexeitamento ao respecto da demanda interposta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiú Franco contra 19



demócratas que participaron na citada ocupación pacífica e simbólica, e que son acusados de delitos de odio, contra o honor, danos e violación de morada.

3.- Expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista, da ditadura e do ditador, e en consecuencia demandar que se inicien accións encamiñadas á ilegalización da citada fundación.

4.- Instar ao Goberno español a que inicie de xeito inmediato accións legais contra a propiedade do Pazo de Meirás, de acordo co informe histórico-xurídico elaborado a instancia da Deputación Provincial da Coruña, e acordado por unanimidade do seu Pleno, para que a administración lexitimada para facelo poida recuperar como ben público o Pazo de Meirás, roubado ao pobo galego durante o réxime xenocida franquista.

5.- Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, Parlamento de Galiza e Deputación Provincial da Coruña.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Iglesias Santos: sinala que aínda respectando as decisións xudiciais no presente caso vai apoiar a moción xa que non se pode permitir que unha familia desfrute de algo que pagou o pobo de Coruña.

Sr. Hermelo Álvarez: expón que o seu grupo apoia a moción instando ao Goberno Central a que na modificación da Lei da memoria histórica se inclúa o Pazo de Meirás.

Sr. Abalo Costa: sinala a día de hoxe situacións como a existencia do Val dos Caídos demostra que a democracia ten pouco de democrática.

Sr. Millán Blanco: sinala que o seu partido se adhire aos acordos adoptados nesta materia polo Parlamento de Galicia e insta á administración do Estado a que realice as actuacións legais recollidas no informe da Comisión e instar á Xunta de Galicia a que se presente no proceso civil que se abra. Expón que aínda non estando de acordo coa demanda presentada considera que non é competencia local determinar se se pode presentar ou non unha demanda e lembra a existencia dunha tutela efectiva que debe ser respectada polo que se absterán nesta moción.

Sr. Abalo Costa: recorda que a demanda a pon a Fundación Francisco Franco algo que considera inadmisíbel.

Sra. Giraldez Santos: sinala que a ocupación pacífica e simbólica é unha opción lexítima e que a Fundación Francisco Franco non debería existir.

Sr. Millán Blanco: sinala que a lexitimidade ética e moral da Fundación non se pode soste pero recorda que se fose unha persoa física tería as mesmas consecuencias para os demandados.

Sr. Chillón Iglesias: sinala que urxe a ilegalización deste tipo de colectivos.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 11 (2 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE").

Abstencións: 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente, a proposta



transcrita anteriormente.

Expediente 5125/2018.Moción do PP s/barrio de Nazaret

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.10.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 15.10.2018, relativa ao Barrio de Nazaret, que é como segue:

“En xaneiro do ano 2018, o Concello de Cangas enviou as máquinas escavadoras ao barrio de Nazaret para realizar unhas supostas obras de mellora no entorno do barrio e na parte superior da rúa da Paz.

Romperon xardíns, cortes das rúas, montañas de escombros durante meses, material de obra (sacos de cemento e area) estragados e repartidos polo barrio, gabias abertas, vallas tiradas, resumindo unha imaxe de guerra no pleno centro de Cangas, vivo reflexo deste Goberno.

Os/As veciño/veciñasas levan sufrido este abandono e desidia case un ano, diante das súas casas e do colexio de Nazaret, con situacións en algún momento de perigo.

Por estes motivos, propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal de Cangas a seguinte proposta de ACORDO:

1) Que de maneira inmediata se rematen as obras no barrio de Nazaret e o seu contorno.”

DELIBERACIÓNS:

Sra. Giraldez Santos: sinala que ten razón no tocante ás obras xa que estas se atopan sen rematar e considera que o Barrio de Nazaret precisa dunha remodelación completa que implica un gran esforzo.

Sr. Soliño Costas: expón que é preciso que se rematen as obras de xeito inmediato.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada.

Expediente 5130/2018. Moción de ACE s/sanción edificios contaminantes

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 10, En contra: 8, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.10.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal ACE, do día 15.10.2018, relativa á sanción edificios contaminantes, que é como segue:

“A defensa dos nosos ríos e rías son primordiais para acadar unha Cangas libre de contaminantes.



Precisamos pois tomar medidas eficientes con respecto á maior infraestrutura coa que conta Cangas: as redes e condutos de auga. Como sabedes, existen tres grandes redes que, debido a conter diferentes calidades de augas, teñen que estar completamente separadas: A rede de auga potable, que abastece as nosas vivendas de auga apta para o consumo humano; a rede de pluvias, a rede de auga da chuva, que remata directamente no mar sen ningún tipo de filtro (xa que son augas limpas) e a rede de fecais, que son os condutos que levan a auga usada dos wc, fregadoiros, duchas etc. á depuradora para o seu tratamento.

O problema que tratamos directamente nesta ocasión, e que implica gran parte do problema de contaminación fecal dos nosos ríos e rías, son as vivendas, locais e demais edificacións que non teñen conexión á rede de fecais. Segundo a análise realizada, estas vivendas implican unha porcentaxe relevante e existen evidencias da importancia que teñen con respecto aos picos contaminantes que semellan en localizacións específicas do concello.

A nivel social, non podemos obviar esta evidencia, nin mirar para outro lado como fixeron outros antes, xa que calquera traballo que fagamos para conseguir minimizar as cargas contaminantes que día tras día reciben os nosos ríos e as nosas rías é clave para camiñar cara un concello máis san e limpo. É o noso deber como representantes da veciñanza dar un paso adiante e mirar polo beneficio do concello.

Por todo o anterior, realizo a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

- Instar ao Concello de Cangas a que solicite canto antes á UTE Cangas a entrega da relación de vivendas/locais e edificacións en xeral que non estean conectadas á rede de fecais do Concello de Cangas e que, polo tanto, botan as augas residuais sen tratar directamente ao mar, contaminando así as nosas augas.

- Instar ao Concello de Cangas a iniciar os trámites para modificar ou engadir nas ordenanzas correspondentes (urbanísticas, fiscais e/ou calquera outra que sexa) os prezos públicos, taxas e categorías necesarias no réxime sancionador para, por un lado, poder gravar as condutas contaminantes e por outro, solucionar a imposibilidade actual de conectar ao saneamento municipal a tódalas edificacións sen excepción (o que non implica, baixo ningún concepto, a súa legalización). Para isto é preciso contemplar expresamente nesta modificación de ordenanzas, tódalas edificacións (de uso comercial, residencial e terciario xeral) legais, legalizables e/ou ilegalizables cuxa infracción estea prescrita (previo informe do responsable do servizo).”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Graña Graña: expón que está a actuar en contra do seu propio goberno e que estaríamos ante un canon de saneamento e que a proposta debería de vir acompañada dun estudio e que todos eses vertidos foi a UTE e a Garda Civil. Sinala que non é o Pleno senón a Concellería de Medio Ambiente a que ten que facer o disposto no punto primeiro.

En canto o segundo punto sinala que existe normativa que regula a materia, por todas estas cuestións o PP votará en contra.

Sra. Castro Paredes: sinala que é o propio departamento de urbanismo o que recomenda o presente



punto para ir contra tódalas edificacións ilegalizables ou non legalizadas actualmente.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 10 (2 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN e 1 do PsdeG-PSOE).

Votos en contra: 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Abstencións: 1 de "CANGAS DECIDE"

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 5222/2018. Moción equipo de goberno creación Lei galega de regularización da profesión de educación social

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 8, Ausentes: 0

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.10.2018.

Así mesmo a presidencia dá conta da moción do equipo de goberno, presentada o día 22.10.2018, relativa á creación Lei galega de regularización da profesión de educación social, que é como segue:

“PROPOSTA DE ACORDO DO EQUIPO DE GOBERNO SOBRE A XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE PROMULGACIÓN DUNHA LEI GALEGA DE REGULARIZACIÓN DA PROFESIÓN DE EDUCACIÓN SOCIAL (L.R.P.E.S)

1.1.- A E.S. é imprescindible para abordar determinadas necesidades sociais ás cales da solución con actuacións específicas.

A consciencia da responsabilidade pública fronte aos problemas de convivencia, o xurdimento de novas modalidades de exclusión e marxinação social e a necesidade de construír un mundo no que compartir bens de forma máis equitativa son algúns dos factores que explican e xustifican a eclosión e relevancia social que conseguiu adquirir a E.S no Estado nas últimas décadas.

A E.S. posibilita a incorporación do suxeito da educación á diversidade das redes sociais, entendida como o desenvolvemento da sociabilidade e a circulación social, e a promoción cultural e social, entendida como apertura a novas posibilidades da adquisición de bens culturais, que amplíen as perspectivas educativas, laborais, de lecer e participación social.

No Estado Social, Democrático e de Dereito a demanda e a oferta de tarefas socioeducativas multiplicouse, fóronse abrindo novos espazos sociais para entender necesidades e demandas educativas: o acceso á vida social. Neste sentido pode afirmarse que a educación deixou de ser patrimonio exclusivo da escola.

1.2.-A E.S como unha prestación educativa, ao servizo do cumprimento dos valores fundamentais dun Estado de Dereito.

- 1. Igualdade de todos o/as cidadáns/as.*
- 2. Máximas cotas de xustiza social.*
- 3. O Pleno desenvolvemento da consciencia democrática.*



Concello de Cangas

Por iso, considérase que a educación é un dereito da cidadanía porque así o avalan os marcos xurídicos internacionais, nacionais e autonómicos.

1.3. -As función das/os profesionais da E.S na sociedade.

1.- Analizar e investigar os contextos social e educativos para orientar as políticas nesta materia e implementar plans, programas e proxectos para atender as necesidades e aspiracións educativas, formativas e culturais das cidadás e os cidadáns.

2.- Contribuír ao desenvolvemento das capacidades de cada persoa e á posta en valor social das súas aptitudes, coñecementos e experiencia en distintos contextos sociais.

3.-Xerar procesos de ensino-aprendizaxe significativos para as persoas, que posibiliten o desenvolvemento individual, familiar e/ou colectivo a través de acompañamentos e orientación, mediando a nivel social, cultural e educativo.

4. - Xestionar e dirixir equipamentos, programas, servizos educativos, sociais e culturais, con equipos interdisciplinarios en organizacións públicas ou privadas que garantan dereitos humanos e subxectivos da cidadanía.

5.- Potenciar a transmisión, o desenvolvemento e a promoción da cultura.

Por todo o exposto:

Proponse adoptar o seguinte acordo:

1.- Que se admita a trámite este escrito e se resolva de forma favorable a petición de creación dunha Lei Galega de regularización da profesión de educación social.

2.- Dar traslado deste acordo á Presidencia da Xunta de Galicia.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Iglesias Santos: sinala que votará que si xa que o que se pretende é un recoñecemento das súas funcións.

Sra. Hermelo Piñeiro: sinala que teñen clara a importancia dos Educadores Sociais pero dubida sobre se esa competencia é da Xunta ou do Goberno de España e entende que a normativa galega xa integra estes profesionais polo que se absterán na votación.

Sr. Abalo Costa: sinala que a profesión debe ser obxecto de defensa.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 11 (2 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de CANGAS DECIDE).

Abstencións: 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 25 de setembro e o 22 de outubro de 2018

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

Dación de conta dos informes de reparo de intervención, segundo a base de execución nº 38 do orzamento municipal

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Rogos e preguntas:

Sr. Iglesias Santos: pregunta ao Sr. Abalo Costa se o Sr. Iglesias Santos presentou para as actuacións na Calle Real proxecto de coordinación e seguridade e se cumpre ca normativa actual.

Sr. Abalo Costa: sinala que se ben as preguntas son á Alcaldía se requiriron medidas urxentes.

Sra. Giraldez Santos: sinala que existe solicitude de licencia pero que había determinadas actuacións que requirían unha actuación urxente para garantir a seguridade na vía pública e van a afianzar a fachada.

Sr. Iglesias Santos: sinala que o andamio que teñen colocado non cumpre ca normativa vixente e volve a preguntar se existe ese proxecto de coordinación e seguridade.

Sra. Giraldez Santos: comenta que preguntará a cuestión.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. FaX: 986304850